Estamos na capital da **Terra Cha**, comarca abondosa e xenerosa en parir xenialidades artísticas e literarias de grande prestixio, irimegas/os exemplos de vida, entre tanto prestixio e sobre todo, boas e decentes persoas, queremos destacar ao *alma máter* da nosa organización: Xosé Chao Rego.

Hai moitas maneiras de entrar na **Terra Cha**: ollándoa, andándoa, contemplándoa, agradecéndoa, traballándoa, compartíndoa, agradecéndoa. E algo de todo isto faremos neste día, nesta Romaxe

A **Terrá Chá** é fecunda coma un inmenso ventre feminino; fecunda en saborosísimos produtos da terra; fecunda en saudosos bens do espírito; fecunda en homes e mulleres que souberon empregar a palabra para poñer ao descuberto tanta fecundidade. (M. Regal).

Vilalba é cabeza do concello, antigamente o foi do poderoso condado de Andrade do que xa non queda outra lembranza cá torre, convertida en Parador de Turismo. Tamén é centro natural e cabeza da Terra Chá.

Recomendamos darse un aire po la vila, ollar a torre octogonal e a praza de Santa María, coa igrexa que aínda que moderna, concorda ben coas construcións de traza típica chairega.

Co lema: "**Ferrados de corazón**" gozosamente invitámoste a participar activamente nesta Romaxe, que con tanto agarimo e mimo foi preparada para o goce de cantas e contos por aquí se queiran achegar, e compartir un día de irmandade e festa na celebración, e tamén no xantar compartido.
Máis o que si, recomendamos con entusiasmo é, darse un paseo desde o **Parque Fluvial** onde **celebramos**, a carón do **río Madalena**, polo **Paseo dos Soños**, parando en cada hectómetro para honrar a cada homenaxeada/o, e gozar da beleza de río e sendeiro.

HORIO DA ROMAXE:

11:00 Acollida e petisco
12:00 Celebración
14:00 Xantar
16:00 Festa
18:00 Oración da tardiña e despedida.

COMO CHEGAR vindo do sur (A Coruña, Santiago, Vigo)**:**
Coller a **A 6** (**E 70**) cara a Lugo; abandonándoa na **saída 522 A**, Baamonde, e coller a **A 8 (E70)** cara a Vilalba, deixándoa na **saída 575**, Vilalba.
Na rotonda coller a 1ª saída en dirección Vilalba, deica a indicación: **Praia fluvial – Romaxe**.
Vindo de Lugo ou Ourense, coller tamén a **A 6**, deica a saída de Baamonde, e facemos o mesmo camiño.

En caso de mal tempo, disponse de locais a cuberto para a celebración, xantar e outras actividades

XLII ROMAXE DE CRENTES GALEGAS/OS

"FERRADOS DE CORAZÓN"

PARQUE E PRAIA FLUVIAL "A MADALENA"
VILALBA - (LUGO)

14 DE SETEMBRO DE 2019

ASOCIACIÓN IRIMIA